



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO

XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO



**CIRCULAR Nº 29**

**Temporada 21-22**

**Destino:** Delegacións Zonais, Clubs.

**Asunto:** Inscripcións dos equipos participantes en competicións de ámbito autonómico Sénior.

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día **28 de xullo 2022 ás 13.00 hrs.** Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, **deberán inscribirse vía INTRANET, (<https://clubs.fegaba.com/login>)** e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

A data do 28 de xullo ás 13.00 hrs. é improrrogable para presentar esta documentación, polo que chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Liga de 1ª Div. Masc	270,00 €	2.900,00 €	28.07.22
Liga de 2ª Div. Masc.	210,00 €	900,00 €	28.07.22
Liga de 1ª Aut. Fem.	225,00 €	625,00 €	28.07.22

A Comisión Xestora da Federación Galega na súa reunión decidirá en base ás solicitudes de inscrición, os equipos que participarán nas categorías 1ª División Masculina, 2ª División Sénior Masculina e Liga 1ª División Autonómica Feminina .

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de



**FEDERACIÓN GALEGA**  
DE BALONCESTO



ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas vacantes que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía WEB, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 26 xuño 2022

Asdo. Susana Fernández Fiuza  
Secretaria Xeral